



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Física

Curso Académico: 2016-2017

Aprobado pola Comisión Académica do Título o 19.04.2018
Aprobado pola Comisión de Calidade o 20.04.2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Física
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"> - Especialidade en Física Nuclear e de Partículas - Especialidade en Física da Materia - Especialidade en Física da Luz e da Radiación - Especialidade en Física Fundamental
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Física
Centro/s onde se imparte	Facultade de Física
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2014/2015
Data acreditación ex ante (verificación)	07/10/2014
Data renovación acreditación	15/09/2017

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster en Física é una titulación única no Sistema Universitario de Galicia, declarada singular pola Xunta de Galicia. As catro especialidades que ofrece proporcionan ao alumno una formación avanzada e sólida nas liñas estratéxicas marcadas polo programa H2020 da Unión Europea (fotónica, nanotecnoloxía, materiais avanzados,...) e cos experimentos que se están a desenvolver nos principais laboratorios de referencia a nivel internacional (CERN, GSI, Observatorio Pierre Auger, ICFO, ...); as competencias adquiridas aseguran que os egresados estean en condicións de iniciar un doutoramento en calquera centro de investigación nacional ou internacional ou de integrarse con éxito no mundo empresarial. Tal e como sucedeu nos cursos 2014/15 e 2015/16 a titulación de procedencia dos estudantes de novo ingreso foi o Grao en Física.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O plano de estudos desenvólvese segundo o especificado na memoria verificada no que respecta ao conxunto de materias que constitúen a oferta docente (obligatorias, optativas vinculadas y optativas libres) así como a súa vinculación coas especialidades. Mantense, por considerarse efectivo, o cambio de ubicación semestral dalgúñas materias que fora proposto o primeiro ano de impartición para equilibrar a carga de traballo do alumno dado que no segundo cuadrimestre os alumnos deben realizar o TFM. Aínda que xa se explicitou en informes anteriores e no informe de acreditación, as materias afectadas son Estructura e Astrofísica Nuclear, Física de Fluidos, Física Matemática, Física de Astropartículas e Mecánica Cuántica Avanzada que se trasladaron ao primeiro semestre e tamén Física Medioambiental que se trasladou ao segundo semestre. As materias de 6 ECTS son cuatrimestrais, e as de 3 ECTS son bimestrais. O período sen actividade docente programada entre bimestres, que pode chegar a ser de unha semana en función do calendario académico, está pensado para que os estudantes rematen as actividades de avaliación. A organización de cada cuatrimestre pode consultarse en <http://www.usc.es/es/centros/fisica/master.html>.

Neste terceiro curso de implantación non se cubriron as 20 prazas esixidas polo decreto de titulacións. Somos conscientes das dificultades que existen para poder acadar este número de forma estable: según información procedente da Vicerreitoría de Coordinación e Comunicación, unicamente o 20% dos egresados dunha titulación de Grao en España realiza un Máster oficial; tendo en conta esta porcentaxe, do Grao en Física da USC egresan cada ano en torno a unos 50-55 graduados polo que se espera que de forma natural se matriculen na titulación de máster 10-12 estudantes, que se corresponde coa matrícula deste curso 16/17 e a do 15/16. Nas distintas sesión da Comisión de Máster, fíxose patente a necesidade de emprender acción para completar a matrícula con egresados en Física doutras universidades españolas ou estranxeiras, ou egresados doutras titulaciones. Aunque o máster acadou o carácter de titulación singular, a comisión considera necesario incentivar a matrícula.

Entre ás posibles causas dunha matrícula tan Baixa están:

- O interese do alumnado na mobilidade e as facilidades que existen hoxe en día: esta ameaza constitúe a súa vez una oportunidade para atraer estudantado doutras universidades,
- A gran variedade de másteres ofertados no territorio nacional, algún apoiados por centros de investigación de referencia que ofertan becas; esperase que a concesión da Unidade Maria de Maeztu ao Instituto Galego de Altas Enerxías, así como a creación dunha agrupación e/ou instituto no eido dos materiais e da fotónica, poida atraer a egresados propios e alleos con vistas a realizar un doutoramento.
- la posibilidad que ofrecen algunas universidades, incluso gallegas, de permitir matricularse a alumnos con materias de grado pendientes; aínda que estos alumnos non computan entre os 20 esixidos
- o escaso tecido empresarial científico-tecnolóxico na comunidade autónoma que non favorece a demanda de emprego especializado na comunidade,
- a incerteza na carreira académica.

Producto destas reflexións, contemplanse acción como:

- Incorporar a materia optativa Prácticas Externas con 3 ECTS (AM-3 curso 2016/17, no curso 2015/16 ofértanse cun formato extracurricular).
- Valorar a incorporación dunha especialidade de carácter máis aplicado que favoreza a conexión dos nosos alumnos co mundo empresarial, en particular a aqueles non interesados na carreira académica. Para cursar esta especialidade, podería ampliarse o perfil de ingreso. (AM-3 curso 2016/17)
- Incorporar, para o curso 2017/18, tres materias optativas (Sistemas láser, Fotónica de semicondutores e Metroloxía e sensores) que pasarían a formar parte, no futuro, da citada especialidade tecnolóxica¹.(AM-3 curso 2016/17)

Non disponemos de datos para este máster a ratio de estudantes por profesor a tempo completo, dado que a matrícula case duplica a do curso anterior consideramos que debe ser algo superior a 0.16 (IN30C-PS-01), sendo a media da USC de 1,46. A media de alumno por grupo de teoría e por grupo interactivo foi de 4.33 y 4.39 respectivamente, mentres que a media da USC, 13.26 e 13.39. Que o grupo interactivo teña máis alumnos en promedio que o expositivo é debido á influencia no cálculo das materias obrigatorias nas que se matriculan todos os alumnos do máster (13) que teñen unha orientación práctica.

Non houbo solicitudes de mobilidade de saída nen entrante, a diferenza do acontecido o curso anterior no que se matricularon estudantes do programa ERASMUS Mundus (2 en el 15/16) e do programa ERASMUS (1 de la Universita degli studi di Roma "La Sapienza" y 1 de la Ruprecht-Karls Universitat Heidelberg).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

¹ Como consecuencia da aplicación do Decreto de Titulacións da Xunta de Galicia, que esixe 20 alumnos matriculados para que un máster no singular poida seguir ofertándose, o Máster de Fotónica e Tecnoloxías do Láser desapareceu do catálogo de titulacións do centro para o curso 2016/17. Por elo a Xunta de Facultad de Física acordó apoiar a integración de todos ou parte dos contidos de dito máster que se estaban impartindo na USC Máster de Física. A CAM autorizou a inclusión, para o curso 2017/18, das tres materias optativas que pasarían a formar parte, no futuro, da chamada especialidade tecnolóxica.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os mecanismos de coordinación establecidos son:

- Coordinador de Materia
- Coordinador de Especialidade
- Coordinador de Traballo Fin de Máster
- Delegado de especialidade

A misión do coordinador de materia é que esta se desenvolva de acordo coa guía docente correspondente, que os contidos estean ben distribuídos entre o profesorado e ben axustados no tempo de acordo co Plan de Organización Docente (POD) e a Memoria do Título. Esta figura está definida na normativa de organización docente da USC e se nomea cando se aproba o POD (Subproceso de SGIC, S02-PC-03 Elaboración y aprobación del POD por los departamentos)

O coordinador da especialidade, figura creada pola CAM, ten entre os seus obxectivos garantir que a superposición de contidos entre materias sea a necesaria, que a distribución de carga de traballo sea equilibrada, interlocución co alumnado a través dos delegados, actuar de intermediario entre profesorado ou delegado e a CAM para a súa consideración, así como outra tarefa que lle encomende a CAM.

Entre as competencias do coordinador de TFM están dirixir a asignación de TFM, a configuración dos tribunais avaliadores, a organización da defensa e velar por que todo o proceso se desenvolva según o previsto na normativa e a guía docente. Esta figura está definida na normativa da USC e é nomeada pola CAM (Regulamento dos Traballos Fin de Máster, <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/documentos.html>).

O delegado de especialidade é elixido anualmente entre o alumnado para actúa como interlocutor entre os estudantes e os distintos coordinadores e a propia CAM.

Coa información que proporciona esta estrutura, cada bimestre analízase o desenvolvemento da docencia e se proponen acción de mellora para paliar as debilidades que se detectan. Este tipo de actuacións foron máis intensas durante o primeiro ano de implantación.

Nin no curso 2014/15 nin no 2015/16 ofertáronse prácticas externas. No curso 2016/17 convocáronse dúas plazas unha no SERGAS e outra en S4S pero non se cubriu ningunha.

Este máster impártese en modalidade presencial. Este carácter xunto co modelo de avaliación continua exige que o alumno asista a clase con regularidade. Normalmente a porcentaxe de asistencia a clase supera o 95%.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Memoria do Título non se contempla un curso de adaptación dado o perfil de ingreso requerido. De feito, no curso 2014/15 os solicitantes foron 22 graduados e 4 licenciados en Física, 8 e 1 respectivamente no 2015/16, e 13 Graduados en Física no 2016/17. Destes 13 estudantes, 2 son egresados dunha titulación de Grao en Física de universidades alleas ao SUG, e 1 de fora do territorio español.

Non se tramitou ningunha solicitude que demandara complementos de formación.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante el curso 2016/17 non foi necesario aplicar sistemas de transferencia ni de recoñecemento de créditos aos alumnos matriculados nesta titulación.

O mecanismo de avaliación baséase na avaliación continua, se ben o alumno pode optar a un exame nas datas oficiais se así o prefire.

No que se refire aos criterios de avaliación, a CAM na sesión celebrada en 16/01/2015 acordou que o profesorado explicase nas aulas ao alumnado o baremo que ía a seguir para as cualificacións e que estes se reflectan, coa maior claridade que sexa posible na guía docente. Os coordinadores de especialidade son os encargados de que as guías docentes sigan estas directrices. Os prazos e procedementos establecidos na normativa de avaliación respétanse e as actas asínanse en prazo seguindo o marcado nos procedementos do SGIC. A CAM revisa as guías docentes das distintas materias nas que se especifican os obxectivos e as competencias asignadas a estas materias.

Dado que o perfil de ingreso maioritario do alumnado é de licenciado ou graduado en Física por unha universidade española, coñécense bastante ben as competencias adquiridas no grado e, polo tanto, o máster está ben deseñado para este tipo de alumnos. A nota media de acceso foi de 7.48 (sobre 10), tendo o 100% do alumnado una nota de acceso superior a 6.

Dado que, en xeral, a totalidade dos alumnos obtén o título nun ano, a normativa de permanencia non é determinante.

O regulamento de TFM, aprobado pola CAM de acordo coa normativa aprobada polo Consello de Gobierno, permite programar con tempo os procedementos de oferta, asignación, selección de tribunais, defensa e avaliación. Excepto a configuración de tribunais, que se realiza a posteriori, tanto a oferta como os prazos son coñecidos polo alumno antes de que comencé o período de matrícula.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información máis relevante relativa ao Máster Universitario en Física atópase a disposición do público en xeral a través da páxina web institucional: <http://www.usc.es/masteres/> que tamén é accesible a través da web da Facultad de Física: <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/index.html>. Aparte, os horarios das clases, o calendario de exames, as guías docentes, normativas e regulamentos poden ser consultados. Complementariamente, o título dispón dunha web propia, <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/master.html>, enlace dende o que se facilita a todos os alumnos e profesores, información puntual sobre todas aquelas cuestións que poidan ser do seu interese ao longo do curso (organización do cuatrimestre, horarios en formato máis amigable, información sobre o TFM, ofertas de emprego,...). Esta información vaise actualizando según necesidade.

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible obtén un 3.20/5, inferior á do curso anterior que era dun 3.70. Este dato non é moi representativo pois só cubriu a enquisa un único alumno. Este alumno en particular valora así os seguintes ítems:

- Valora a información e apoio recibidos na actividades de acollida e presentación realizadas polo centro, con un 3,00 (sobre 5), sendo a media global dun 3,23.
- Información na propia Facultad o Título (web propia, presentacións...), con un 4 (sobre 5), sendo a media global de un 3,42.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A información relevante, que se analiza na CAM, procede de dúas fontes: por un lado os indicadores subministrados pola área de calidade e, por outro, información recabada no propio centro. Esta última recíbese a través dos delegados de curso, dos coordinadores o da unidade administrativa que nos pode facer partícipes de dificultades técnicas non previstas. A información á que ten acceso o centro é a relativa ao destino dos egresados, equipamentos de aulas e laboratorios e infraestruturas en xeral, adecuación de horarios, baixas por enfermidade de profesores, etc. Esta fonte de información é moi importante porque, de detectarse alguna disfunción, a CAM ten a oportunidade de solucionar o problema en tempo real.

A Comisión Académica do Máster, a través dos seus membros e especialmente dos coordinadores de especialidade, revisa a información polo menos catro veces ao ano (ao comienzo de cada bimestre e ao final de curso) e as súas reflexións utilízanse nos informes de seguimento.

As opinións dos alumnos do máster, a través dos seus delegados, son expresadas na Comisión donde expoñen as debilidades detectadas e formulan propostas de mellora para cada especialidade ou para o máster en xeral.

A avaliación da docencia orientada á mellora continua da calidade das ensinanzas, e inclúe por un lado a análise da satisfacción dos estudantes coa docencia que reciben e, por outra, a satisfacción do profesorado que a imparte.

Dende o centro, trátase de incentivar a todos os grupos de interese a que realicen as enquisas de satisfacción, aínda que a porcentaxe de participación é moi baixo. Dende o decanato envíanse mensaxes electrónicos recordatorios. Incrementar esta porcentaxe é unha acción de mellora para desenvolver este curso (AM-4 2016/17)

Non se teñen rexistrado reclamacións.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procesos de reflexión e revisión derivados da aplicación SGC teñen sido fundamentais para deseñar as modificacións planteadas no título, e para corrixir debilidades non previstas. Podemos afirmar, que estas modificacións (AM-3 y AM-4 2015/16) foron ben acollidas (horarios, coordinación, carga de traballo), aunque, por exemplo, no se conseguiu manter a demanda do primeiro ano de impartición. Da AM-1 que propoñía ofertar practicas externas extracurriculares non se pode facer unha valoración ao non cubrirse as prazas. La AM-4 contribuiu a que alumnos e profesores teñan máis claro qué se espera dun TFM, cales son as funcións de cada e os tempos.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non se conseguiu un incremento da participación nas enquisas de satisfacción nin por parte do alumnado, nin por parte do profesorado, a pesar das campañas realizadas polo centro, que parecen ser insuficientes e esixen continuar accións de mellora nesa dirección.

A creación da Delegación de Alumnos permitirá establecer accións para incrementar a participación deste colectivo e ter un acceso máis directo ás súas queixas e suxestións de melloras.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster Universitario en Física conta con recursos humanos suficientes tal e como se afirma na memoria do título. Durante o curso 16/17, 57 profesores encargáronse da docencia do máster. Desglosando por categorías profesionais: 13 Catedráticos de Universidade asumen o 22,81% da docencia, 36 Profesores Titulares de Universidade o 63,16% da carga docente, 1 Catedrático de Escola Universitaria, 5 Contratados Doctores, 1 Contratado Posdoutoral do Ministerio e 1 profesor Emérito imparten o 13,27 % restante da docencia do Máster. Os seguintes indicadores describen o perfil típico do profesorado involucrado na docencia do máster:

- IN24C-PS-01 Porcentaxe de Persoal Docente Investigador con sexenios sobre o PDI con docencia no título cun valor de 96,36% sendo a media da USC un 85,55%. Obsérvase una redución do indicador con respecto ao curso anterior debido a incorporación de 1 Contratado Doutor que aínda non tivera oportunidade de solicitar a avaliación da actividade investigadora, de un profesor emérito con 6 tramos avaliados que non computan e 1 contratado posdoutoral.
- IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doctor sobre o PDI total, e dun 98,21%, un pouco inferior ao valor co curso anterior, 100%, o que explica a diminución do valor do indicador anterior, sendo a media da USC un 91,85%
- IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, cun valor do do 91,07, lixeiramente inferior ao 92,86% do 2015/16, sendo a media da USC un 69,06%.

Este perfil es extrapolable ao titores dos TFM no curso 2016/17: 3 Catedráticos de Universidad, 5 Profesores Titulares de Universidad y un investigador Starting Grant.

Xa se comentou con anterioridade, que as ratios alumno/profesor (IN30M-PS-01), alumnos/grupo de teoría (IN31M-PS-01), alumnos/grupo interactivo (IN32M-PS-01) son moi baixas, o que pon de manifesto que o profesorado involucrado e suficiente para desenvolver as funcións docentes e de atención moi personalizada ao alumnado.

A USC creou o Programa de Formación e Innovación Docente que ten como obxectivo establecer unha vía de formación que permita ao PDI mellorar as súas competencias docentes, investigadoras e de xestión, esenciais para o exercicio profesional. Existen dúas modalidades: unha oferta xeral para todo o persoal da USC e unha oferta demandada polos centros, máis adaptada a necesidades particulares de formación. A porcentaxe de PDI que participou neste programa foi do 8,62%, cifra moito menor que o 26,09% do 2014/15 ou o 22,03% do 2015/16.

O 60% dos participantes eran mulleres e o 38.9% homes. Con respecto a antigüidade na USC: o 34.5% teñen una antigüidade maior de 20 anos, o 14.9% entre 16 e 20 anos, o 7.2% entre 11-15 anos, o 14.7% entre 6 e 10 anos, e o 27.8% menos de 5 anos.

A satisfacción global do PDI coas actividades formativas recibidas obtén unha valoración media de un 4.44 no curso 2014/15, de un 4.33 en el curso 2015/15 (sobre 5) e 4.30 no curso actual, datos que indican un grado de satisfacción alto coa formación recibida. O ítem Recomendaría a outros compañeiros que se matricularan nos respectivos cursos foi valorado cun 4.30 (no curso 2015/16 este indicador era un 4.25)

Ainda que a porcentaxe de participación do profesorado en programas de mobilidade docente é tradicionalmente moi baixo (1.69% en 2015/16, non temos datos correspondentes a este curso 2016/17), a mobilidade por motivos de investigación creemos que é das máis elevadas la USC. Según a documentación que obra en poder do decanato da Facultade durante os anos 2015 e 2016 tramitáronse 212 y 181 permisos cortos de investigación (inferiores a 7 días) así como 14 e 20 Licencias de investigación (superiores a 7 días), respectivamente. Durante o curso 2016/17 tramitáronse 164 permisos en 10 Licencias de Invetsigación. Durante as estancias de investigación, o profesorado intercambia ideas, imparte e asiste a seminarios, participa en reunións científicas, aprende e ensina técnicas, etc. actividades que repercuten notablemente na mellora da súa actividade docente. Tamén, o centro recibe numerosos investigadores invitados polos grupos de investigación, algúns dos cales imparten seminarios que son de gran interese para os nosos alumnos. Cómpre destacar, os Seminarios AEFIS (Agrupación Estratégica de Física) que programaron periódicamente tratando de traer investigadores líderes en temas de fronteira e capaces de motivar a este público novo.

Ainda que o profesorado do máster es suficiente e está moi cualificado, dende os grupos de investigación, o centro e a USC incentívase a captación de personal excelente a través de convocatorias competitivas.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Física conta con persoal de apoio para toda as titulaciones adscritas a ella (E16). Este persoal corresponde aos técnicos de laboratorio (4 efectivos), ao personal da área de administración (7 efectivos), ao da área de bibliotecas (5 efectivos) e ao da área de conserxería (6 efectivos, un deles asumindo as funcións de conserxe e dous coas competencias de auxiliar técnico informático). Baixo a responsabilidade do conserxe atópanse o edificio central, os Bloques IV y V no edificio Monte de la Condesa e tamén a Facultade de Óptica e Optometría. A experiencia acumulada en todos os seus anos de servizo e a actualización permanente dos seus coñecementos contribúen ao bon funcionamento do centro. Se considera que a área de conserxería e a de biblioteca están ben dotadas. Sen embargo, no ano 2015, como resultado dun proceso de contratación, perdeuse o Técnico de Informática con sede no centro que atendía, casi en tempo real, as necesidades puntuais e a posta a punto do material informático e audiovisual docente. A descentralización deste posto xenerou moitos problemas dende entón pois a resposta da área TIC non foi o suficientemente áxil. Algúns destes problemas requiriron a intervención da vicerreitoría con competencias. Como consecuencia do Concurso de Traslados rematado en novembro de 2016, incorporouse novo persoal para ocupar o posto de Responsable de Asuntos Económicos e o de Responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos. Xurdiron problemas estacionais na área de Asuntos Económicos en visperas do peche de exercicio ou de proxectos debido unha baixa por enfermidade; dende o centro consideramos que se precisa un reforzó especializado nestes asuntos pois a Facultade executa un orzamento ligado a ingresos por investigación superior a todos os centros da USC. Esta situación espérase que se resolva cuando culmine o proceso de reforma da Unidade de Apoio á Xestión

de Centros e Departamentos, esixida por cambios normativos aprobados na USC, de forma que se poidan destinar máis efectivos a apoiar ao área máis sobrecargada de traballo en cada momento. Por outra banda temos solicitado que se cubra a vacante dun posto base con persoal con experiencia en asuntos económicos en centros docentes ou de investigación.

O plan de formación que a USC pon a disposición tanto do persoal laboral como funcionario, está ben valorado xa que 66.81% dos participantes na correspondente enquisa de avaliación consideraron que, tanto a información previa dos cursos convocados como o sistema de selección, son merecedores dun 3,56 y de un 3,89, valores moi similares aos dos cursos anteriores. Participou nestes plans un 55.6% do persoal, cifra moi superior a do curso 2015/16 (18.5%) similar a do curso 2014/15. Ademais, a valoración sobre as aulas e instalacións empregadas para a súa impartición obtén un 4,07 valoración moi parecida á obtida nos dous cursos académicos anteriores (4.09/5.00). O grao de satisfacción medio do PAS coas actividades de formación desenvolvidas foi dun 3,53 sobre 5, sendo a porcentaxe de moi satisfeitos coa formación dun 36.42%. Ademais, un 79.91% recomendaría a outros compañeros que se matricularan nos cursos. Con respecto aos obxectivos formativos, valoráronse cun 3,89 a adquisición de coñecementos de acordo aos obxectivos propostos, valoración similar á obtida nos dous anos anteriores, e se consideraron acertados tanto os contenidos teóricos (3.99/5) como prácticos dos ditos cursos (3,79/5) cumpríndose globalmente as expectativas de aprendizaxe (3,80 /5). En cuanto á tipoloxía do usuario, predomina a participación das mulleres (57,8%) sobre os homes (42,2%). Ao persoal con máis de 20 anos de antigüidade pertence o 44.4% das solicitudes de participación. Tamén consideramos resaltable que, por categorías e/ou réxime xurídico os grupos C e IV acumulen o 54.2% do total de participación. A participación remontou ata un 55.60% para situarse no mesmo nivel que no curso 214/15 despois de experimentar un descenso ata 18.5% no 2015/16.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os recursos materiais e os servizos postos a disposición dos estudantes axústanse aos especificados na Memoria de Verificación e se adecúan ás necesidades do título. Esta mesma é a percepción dos grupos de interese segundo se desprende das enquisas de satisfacción realizadas, que se analizan ao final deste apartado. A docencia das materias deo Máster en Física impártese no Edificio Central da Facultade, con excepción dos interactivos de laboratorio das materias experimentais. En relación a estas últimas, o centro, a través dos informes que emite a Comisión de Coordinadores de Laboratorio, está realizando un importante esforzo en mantemento e renovación do equipamento dos laboratorios a través do presuposto do centro e da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora para a docencia (ou equivalentes) así como de axudas exclusivas al master. Tamén se renova periódica e progresivamente o material informático e audiovisual tendo en conta a súa antigüidade e vida media.

O máster tiene asignadas a aula de informática (2 horas, 4 días á semana durante o primeiro cuatrimestre, 26 postos), e as aulas 2,4 y 7 (con capacidades máximas de 25, 29 e 27 alumnos, respectivamente). Todas as aulas tienen cobertura WiFi de forma que os alumnos pueden realizar actividades utilizando os seus propios dispositivos portátiles. Todas as aulas están equipadas con ordenador, canón retroproyector e pantalla. Os alumnos teñen acceso á sala de lectura do centro e, para a realización dos seus TFM a laboratorios de docencia e incluso de investigación se a natureza do traballo o recomenda. Existe un aula de informática de acceso libre que está sendo infrautilizada porque os alumnos dispoñen de dispositivos

portátiles cos que poden traballar en calquier lugar. Usase esta como aula alternativa para aquelas clases interactivas ocasionais cando a Aula de Informática de Docencia está ocupada.

O centro está atento aos informes que emite a oficina de prevención de riscos para solucionar, coa axuda da Oficina de Xestión de Infraestructuras, calquer deficiencia. A facultade está preparada para acoller alumnos e persoal con mobilidade restrinxida.

Polo que se refire aos recursos bibliográficos, a Biblioteca Intercentros Física-Óptica ten a disposición de todos os usuarios da biblioteca un total de 15.966 monografías en papel, que se incrementaron en 145 unidades durante o 2017, 11 monografías electrónicas, 493 materiais no librarios (vídeos e DVDs, CD-ROMs, microformas...). Neste global estaría incluída a bibliografía que os profesores recomiendan para esta titulación, 303 recursos recomendados. En cuanto as publicacións periódicas, dispoñe de 436 títulos en papel e 37 títulos electrónicos en curso de recepción. Ademais, dado que esta titulación pertence a Área de Ciencias, os alumnos poden recurrir aos recursos bibliográficos das Facultades de Química, Biología, Matemáticas ou da Escola Técnica Superior de Enxeñaría. A Comisión de Biblioteca informa anualmente das adquisicións e as Baixas ao tempo que promove a compra de novo material en función do presuposto dispoñible e as necesidades do profesorado.

A Oficina de información universitaria (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu>) é o servizo da USC a través do cual os futuros estudantes poden consultar os requisitos de acceso ás titulacións ofertadas e aos trámites necesarios para o mesmo. Os estudantes do último ano de grao reciben información da oferta de títulos de máster. A información necesaria para a formalización da preinscripción e matrícula no Máster oficial, así como sobre as axudas e becas que convocan as diferentes administracións públicas para a realización de estudos de posgrado, pode encontrarse na páxina web da USC (<http://www.usc.es>), así como nos carteis, dípticos, etc. que edita e difunde a USC. Os alumnos de intercambio valoraron moi ben este servizo.

A orientación específica dos estudantes de novo ingreso nesta titulación lévase a cabo na dependencias da Facultade de Física. O centro organiza sesións informativas sobre o máster e as súas especialidades durante os meses anteriores ao comezo do curso, así como visitas aos laboratorios de investigación. Edítase cartelería propia tanto do máster como das orientacións.

A USC realiza todos os anos, a comezo de curso, xornadas de acollida organizadas pola vicerreitoría con competencia en estudantes, que se desenvollen na primeira quincena do curso en todos os centros universitarios, que teñen por obxecto presentar aos novos estudantes as posibilidades, recursos e servizos que lles ofrece a Universidade. Esta Facultade colabora intensamente na organización da xornada de acollida neste centro, de forma que reciben información específica sobre as particularidades da titulación e da organización docente da mesma.

Os servizos de orientación académica (selección de asignaturas, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento, ...) e profesional postos a disposición dos estudantes son e están ben valorados polos nosos alumnos; así, a Oficina de Información Universitaria obtén dos alumnos deste título unha valoración media dun 3 (inferior á media global que é 3,43) e a Unidade de Xestión Académica obtén un 3 tamén inferior á media global (3,54). Tamén, valoráranse cun 3/5 información e o apoio recibido nas actividades de acollida e presentación realizadas no propio centro sendo a media global na USC que é de 3,23. Coa interpretación destes datos hai que ser cauto pois a enquisa de satisfacción de egresados a respondeu tan so un estudante. Hai que destacar que a maior parte dos alumnos de máster proceden da mesma Facultade polo que xa están familiarizados con estes servizos. O centro preocúpase particularmente dos estudantes procedentes doutras universidades que teñen maior descoñecemento.

Compre destacar a implicación da agrupación estratéxica AEFIS, que ofertou contratos de investigación para aqueles alumnos que realicen o TFM sobre temáticas de interese para a agrupación. A asignación fíxose por expediente académico. A raíz de la AM-01 do informe de seguimento do curso 14/15 (valorar a incorporación ao Plano de Estudos dunha materia optativa de Prácticas Externas), iniciáronse contactos con distintas empresas coas que xa se colabora ordinariamente no Grado en Física, recibindo moi boa valoración, de forma que os alumnos poideron realizar prácticas extracurriculares neste curso. Esta acción de mellora está en permanente execución tanto no que respecta á renovación de acordos o convenios como á firma de outros novos con empresas ou laboratorios de interese para os alumnos da titulación.

A continuación resáltanse algúns dos indicadores de satisfacción relacionados con este criterio.

Tal e como se recolle no Informe da Enquisa de Satisfacción do Profesorado con la Docencia Impartida, dito colectivo estima:

- que o material e os servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) son adecuados para o desenvolvemento das súas materias (4,38),
- que o centro de traballo conta cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia (4,05),

- que un 83.33% deste colectivo móstrase receptivo en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia.
- Mentres que un 66.67% tamén está interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral.

En cuanto ao estudiantado, o Informe da Enquisa de Satisfacción de Egresados/as (de novo hai que ter en conta que só cubriu a enquisa un único alumno)

- a valoración media de satisfacción cos recursos tecnolóxicos postos a súa disposición dun 2.00, mentres que a media global que se sitúa nun 3,73.
- a satisfacción coas infraestructuras e os materiais dispoñibles no centro é de 2,00, sendo a media global un 3,25.

E, por último, con respecto ao Persoal de Administración e Servicios (PAS) do centro, o Informe da Enquisa de Satisfacción indica una visible melloría:

- unha valoración media dun 3.36/5 fronte a un 2,67 obtido o curso anterior para os “espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS”
- unha valoración media dun 3.18 fronte a un 2,83 no 2015/16 para o ítem “os recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións son adecuados”.

Estes indicadores, poden mellorarse conforme se consolide a Unidade centralizada de Xestión Administrativa, reforma que comezou a implantarse durante no curso 2016/17.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

As competencias e obxectivos do Máster están recollidas na Memoria do Título actualmente en vigor e son públicas e accesibles dende a páxina web institucional. Á hora de elaborar as guías docentes a CAM comprueba rigurosamente que toda as competencias transversais e específicas poidan ser adquiridas por todos os alumnos, excepto as asociadas a cada especialidade que tan solo son adquiridas polos alumnos que a cursan.

Considerando que o TFM é la materia na que se avalían as competencias adquiridas polo alumno podemos afirmar que o proceso desenvolveuse con éxito en base ás seguintes evidencias:

- Os informes emitidos polos titores de ditos traballos indican unha valoración excelente tanto no referente ao esforzo e implicación de ditos alumnos, como no relativo a súa capacidade de traballo autónomo. Este curso defendéronse 12 traballos.
- As calificaciónss medias obtidas son moi altas (8,66 no curso 2014/15, 9,04 en 2015/16 en 9.658 no 16/17)
- El INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida na que se valora que os estudantes amosan unha actitude de interese coa materia impartida cun 4,25/5 (2014/15), 4,57/5 (2015/16) e un 4.29/5. (2016/2017).

Como excepción, en seis materias, un alumno non se presentou ás probas de avaliación, non superou a avaliación noutra materia e se supón que renunciou a matricula no TFM (defendéronse. Isto implicou que empeoraran algúns dos indicadores dos resultados de aprendizaxe.

O Informe da Enquisa de Satisfacción de Egresados/as (coberta só por un estudante) reflicte un grado de satisfacción aceptable en relación coa adquisición de competencias relativas á capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas de un modo creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudio (5/5), pensamento crítico (5/5), capacidade de aprendizaxe autónoma (5/5) ou capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo (5/5). O mesmo estudante considera mellorable traballar a capacidade de traballo en equipo e a capacidade de comunicación oral ou escrita.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Lamentablemente a evolución da demanda non foi satisfactoria. Se ben o primeiro ano de impartición houbo 26 alumnos matriculados, o segundo ano de impartición tan só 9 alumnos xunto con 4 alumnos vinculados a programas de mobilidade, este terceiro ano matriculáronse 13 estudantes. Volvéronse a analizar as causas da caída que se atribuiu a factores externos (interés en mobilidade, oferta ampla no territorio español apoiada en algúns casos por importantes centros de investigación, escaso tecido empresarial en Galicia ...) como internos (formación pouco aplicada, e horarios). A nota media de acceso de 7.48/10 (IN06C-PC-05) volve a situarse nos niveis do curso 2014/15 que era de 7.69, mentres que a correspondente ao curso 2015/16 era máis baixa (6/10). O 100% do alumnado preinscrito posuía unha nota media superior a 6.

Asumiendo que estadísticamente, o centro puede contar con 10-12 alumnos propios fixéronse moitos esforzos dirixidos á captación de máis estudantes. As medidas van na dirección de modificar a memoria nos termos explicados anteriormente, deseñar estratexias de captación de alumnos doutras universidades (estratexias publicitarias) e captación de alumnado de outras titulacións (únicamente vía a especialidade tecnolóxica). Hai que destacar que a posibilidade, que ofrecen incluso outras universidades do SUG, de permitir a un alumno matricularse nun máster con créditos pendentes no grao xoga na nosa contra, pois algúns alumnos potenciais desta titulación optan por outros másteres que contemplan ese perfil de ingreso.

Os indicadores de resultados son satisfactorios. As taxas de éxito (IN50CM-S01-PM-01) e de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53CM-S01-PM-01) foron do 100%. Sin embargo, as taxas de rendemento, avaliación e graduación son inferiores. A taxa de rendemento (IN34CM-S01-PM-01) é a máis alta dos tres cursos; acadou un 95.77 no curso 2016/17, mentres que no 2015/16 e 2014/15 as porcentaxes foron do 88.89% e 94.8%, respectivamente. As razón da baixada sufrida no curso anterior foi analizada no informe de renovación da acreditación. A taxa de avaliación (IN36CM-S01-PM-01) experimentou unha subida dende o 88.89% do curso 2015/16 ata un 96.15%, superando o valor acadado no primeiro ano de impartición que foi dun 94.8%. A taxa de graduación (IN37M-S01-PM-01) do 88.89% é lixeiramente inferior a porcentaxe obtida no curso anterior que se situaba no 92%. As taxas de abandono (IN41CM-S01-PM-01) pasou dun 8% no 2015/16 a un 11.11% no 2016/17, pensamos que debido aos estudantes matriculados procedentes da convocatoria ERASMUS MUNDUS que accedían ao máster como Graduados en Física, pero sin unha adecuada formación. A taxa de éxito dos egresados é dun 100% (IN50CM-S01-PM-01)

As taxas de avaliación e rendemento por materia son en xeral do 100%, excepto nalgúns materias nas que un alumno non se presentou ás probas de avaliación e renunciou a matrícula no TFM.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

As **Enquisa de satisfacción do Alumnado coa docencia** recibida no Máster de Física durante o curso 2016/17 a valoración media desta titulación é dun 3.95% participando o 69.23% dos estudantes. No curso 2014-2015, mostran una valoración media de 3,58 sobre 5 cunha participación do 66,67% do alumnado na elaboración de dita enquisa. Non se dispón de datos relativos ao curso 2015-2016, xa que no se cubriu ningunha enquisa,

Un item que no curso 2014/15 foi pouco valorado é Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia, cun 2,90 (sobre 5) obtivo neste curso unha valoración moi superior 3.72%, consecuencia da efectividade dos mecanismos de coordinación nos distintos niveis. A valoración máis baixa a recibe o item Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solución nesta materia (3.52/5) que está relacionado coa competencia de Comunicación oral e escrita que valoran moi pouco os egresados do curso anterior, como se comenta a continuación.

A Enquisa de satisfacción dos Egresados no curso 2015/16 só foi cuberta por un estudante. A escasez de datos non permite extraer conclusións moi determinantes pero sí nos permiten facer unha certa reflexión comparando cos resultados obtidos no primeiro ano de impartición. **No Informe da Enquisa de satisfacción dos Egresados no curso 2014/2015** sinalábase un grao de satisfacción baixo coa formación práctica recibida, valorada cun 2,33 (sobre 5), sendo a media da USC para ese indicador tamén baixa (2,85). A valoración que fai este estudante é todavía máis baixa (1/5) mentres que asigna u 4/5 a formación teórica superior a media da USC (3.35/5). A incorporación progresiva de prácticas externas, cambios metodolóxicos en materias con interactivos de laboratorio poderían mellorar este indicador, tendo en conta que o deseño do Grao en fundamentalmente teórico. Os ítems relacionados coa adquisición de competencias transversais (aprendizaxe autónoma, pensamento crítico, traballo en equipo, transmisión de información ou ideas... dentro do meu ámbito de estudo, aplicar os coñecementos adquiridos dun xeito creativo e orixinal) están moi ben valorados (4 ou 5 sobre 5) excepto a capacidade de traballo en equipo e a comunicación oral/escrita que acadan un 1 e un 3 respectivamente.

A adecuación dos horarios, calendario académico e exámenes recibiu no curso 2014/15 valoración de 2, acadou este ano un 4/5. No horario do curso 2014/15 tratouse de que non houbera coincidencia temporal entre as distintas optativas libres. No curso obxecto deste informe, 2016/17, esta situación se modificou facendo coincidir horarios de materias con pouca afinidade entre sí, proceso no que colaboraron os representantes do alumnado na CAM. Unha nova demanda por parte do alumnado, que xurdiu durante o curso 2015/16, foi o de dispoñer de máis tempo para a realización do TFM, estase a estudar o incremento de ECTS nesta materia.

As infraestruturas do centro foron valoradas cun 4,00/5, cifra moi superior á media global (3,12/5). En xeral, o alumno tamén estaba satisfeito coa información que pode obter do título:

- Valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro, con un 3,00 (sobre 5), sendo a media global dun 3,23.
- Información na propia Facultade sobre o Título (web propia, presentaciónes...), cun 4 (sobre 5), sendo a media global dun 3,42.

Na **Enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, a valoración media é máis elevada, en concreto un 4,2 /5 similar a obtida no curso 2015/16 (4.23/5), o que indica un grado de satisfacción muy alto; a porcentaxe de participación é similar a do curso anterior, 25.86% no 2016/17 e 26.56% no 2015/16, pero moi inferior a do primeiro ano de impartición que foi dun 40.30%. Son interesantes as valoracións dos ítems que están relacionadas ca adquisición de competencias:

- “Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases” (4.25/5)
- “Estou satisfeito co traballo realizado polo alumno nas miñas clases” (4.25/5)
- “Estou satisfeito coa relación creada co alumnado nas clases e nas titorías” (4,21/5)

Destaca que o item mellor valorado é a coordinación entre profesores dunha mesma materia (4.47/5) e o peor a coordinación entre materias (3.91/5).

No Informe da Enquisa de satisfacción do Personal de Administración e Servizos Curso 2015-16 a maioría das

valoracións son superiores as dos cursos anteriores ao igual que a porcentaxe de participación (44%) que se duplicou con respecto ao curso pasado (22.2%) aínda que segue a ser inferior ao do curso 2014/15 (55.6%). É o caso de "As miñas función e responsabilidades están claramente definidas" con unha media de 3.36 fronte a un 3,17/5 do curso anterior; de "Sintome parte dun equipo de traballo", cunha media de 3.83 fronte ao 3,50/5 do 2015/17. Mellorou moito o ítem "O sistema de reparto de cargas de traballo é acertado" que obtén unha valoración de 3.27 fronte 2,83 do 2015/16 aínda que se gue a ser inferior á media global (3,48) e inferior á expresada no curso 2014/15 no propio centro. Aínda que o valor non é malo, chama a atención a diminución do correspondente ao ítem 4 Resultame doado expresar as miñas opinión no lugar de traballo.

Melloraron tamén os indicadores empregados para a valoración da Dirección da Unidade como os do bloque de comunicación ou implicación na mellora. Estes últimos son superiores aos da media global, excepto o que se refire a A comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios é axeitada que recibe u 3.73 fronte a un 3.90 da USC. Tamén o ítem correspondente ao bloque de Formación (A formación recibida para desempeñar o meu traballo é axeitada) recibe una valoración moi baixa nestes dous últimos anos (2.67 no 2015/16 e 2.73 no 2016/17).

En xeral, este colectivo está satisfeito co seu traballo, recibendo este ítem unha valoración media no de 3,82 sobre 5 (a media global é 3,811/5).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguimos sen contar con datos oficiais sobre a inserción laboral dos nosos egresados. Sen embargo, se dispoñemos dalgunha información proporcionada á CAM, de forma extraoficial, por profesores e alumnos da Facultad sobre a actividade actual de practicamente a totalidade de egresados, excepto os alumnos de intercambio, que se axusta, como se indica a continuación, ao perfil de egreso esperado (AM-2 Curso 2015/16).

A maior parte dos egresados matriculáronse nun programa de doutoramento da USC. Un tercio dos egresados do 2014/15 atópanse en institucións europeas de referencia como o Karlsruhe Institute of Technology (Alemania), ESRF-Grenoble (Francia), Institute of Physics ASCR, Prague (República Checa), University of StrathClyde (Reino Unido), CERN (Suíza) e Queen's University of Belfast (Irlanda). Un 7% dos totales do curso 2015/16 están en universidades españolas realizando a súa tese doutoral e resto adícase a actividades de ensinanza non universitaria ou preparou RFIR. Isto confirma a nosa afirmación de que os egresados deste máster constitúen a canteira dos grupos de investigación implicados.

- Agostini Infante, Pedro Augusto: doctorado USC
- Boente García, Óscar: doctorado USC
- Costa Boquete, Adrián: doctorado en Escocia
- Fuentes Andrade, Blanca: año sabático
- García Plana, Beatriz: doctorado USC
- Gómez Frieiro, Alejandro: doctorado Australia
- López Bueno, Carlos: doctorado USC
- Nodar Villa, Álvaro: doctorado Euskadi
- Paz Vidal, Verónica: master profesorado
- Phillips, Jan: master profesorado
- Sequeiros Ferreiro, Carlos Xosé: master matemática industrial
- Suárez Fernández, Isabel: doctorado en high energy en Lisboa

O curto percorrido do máster non nos permite facer un histórico de resultados máis aló de tres anos.

Dos 11 egresados no curso 2017/17, 4 están matriculados nun programa de doutoramento na USC, 4 noutras universidades (Australia, Escocia, Portugal e Euskadi) e tres matriculados noutros másteres.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Actas da CAPD
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non hai
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4314596_P.Ind_2016-2017
			4314596_INF.16_2016-2017
			4314596_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4314596_I2_2016-2017
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4314596_P.Ind_2016-2017
			5050_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e	Web do Centro

		mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4314596_P.Ind_2016-2017
			4314596_INF.04_2016-2017
			5050_INF.05_2016-2017
			4314596_INF.06_2016-2017
			4314596_INF.07_2016-2017
			4314596_INF.08_2016-2017
			4314596_INF.09_2016-2017
			4314596_INF.10_2016-2017
			5050_INF.11_2016-2017
			4314596_INF.13_2016-2017
			4314596_INF.14_2016-2017
			5050_INF.21_2016-2017
			4314596_INF.22_2016-2017
4314596_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4314596_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4314596_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5050_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5050_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5050_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4314596_INF.13_2016-2017
			4314596_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en	5050_I10_2016-2017

		programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non procede
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non procede
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4314596_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4314596_P.Ind_2016-2017
			4314596_INF.17_2016-2017
			4314596_INF.18_2016-2017
			4314596_INF.19_2016-2017
			5050_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4314596_P.Ind_2016-2017
			4314596_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	4314596_EIL-SIIU_2016-2017

<u>MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-01
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 – A Xestión do Título Criterio Resultados de aprendizaxe
Análise causa	Malia os esforzos realizados para a captación de alumnado, a matrícula do Máster non chegou, excepto o primeiro ano de impartición, ao número mínimo de alumnos esixidos.
Definición/ descripción proposta	<p>Revisión da oferta docente do Máster en Física para garantir especialización e grandes oportunidades de inserción laboral separadamente das que ofrece a carreira académica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Comisión de Avaliadores constata que se debe analizar a baixa demanda do título. No autoinforme de renovación da acreditación suscítáronse distintas accións neste sentido que implicarán unha nova modificación/verificación do máster. A modificación/verificación do máster débese realizar polo procedemento establecido na lexislación vixente. - Débese reflexionar sobre o mantemento de catro especialidades para un máster con tan baixa demanda. - Constatáronse problemas no perfil de ingreso, en particular, con estudantes de ERASMUS. Débese prestar especial atención aos criterios de acceso e admisión do título, así como á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos. Alternativamente, contemplar complementos formativos, para o cal debería modificarse a memoria polos mecanismos oficialmente establecidos - Se recomenda revisar e clarificar a regulación das Prácticas Externas (curriculares/extracurriculares), considerando a posibilidade de incluílas dentro do plan de estudos polos procedementos establecidos na lexislación vixente. No caso de

	<p>incluir as Prácticas Externas dentro da optatividade do plan de estudos, débese potenciar o número de empresas que participan neste programa.</p> <p>- Observáronse algunhas discrepancias entre guías docentes e páxina web. Débense corrixir ditas discrepancias ou actualizar a memoria de verificación do título polo procedemento establecido na lexislación vixente.</p>
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	<p>Coordinación do Máster</p> <p>Equipo de Dirección</p> <p>Comisión de Calidade do Centro</p> <p>Xunta de Facultade</p> <p>Área de Calidade e Mellora dos Procedementos</p>
Tarefa1	AM-01.1
Descrición tarefa	Ofertar Practicas Externas en empresa ou outros organismos: consolidación da oferta existente e firma de novos convenios
Data prevista de finalización	31/12/2018
Responsable	Vicedecano
Estado	En execución
Tarefa2	AM-01.2
Descrición tarefa	Incorporación de materias con contidos en fotónica
Data prevista de finalización	31/12/2017
Responsable	<p>Coordinación do Máster</p> <p>Comisión Académica do Máster</p>
Estado	Executada
Tarefa3	AM-01.3

Descrición tarefa	Incorporación, se procede, dun itinerario tecnolóxico
Data prevista de finalización	30/06/2019
Responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Estado	Activa
Tarefa4	AM-01.4
Descrición tarefa	Asignar 15ECTS ao TFM
Data prevista de finalización	30/06/2019
Responsable	Coordinador TFM
Estado	Activa
Tarefa5	AM-01.5
Descrición tarefa	Aprobación do regulamento na Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	Xuño 2020
Responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Estado	Activa
Tarefa6	AM-01.6
Descrición tarefa	Revisión do cadro de competencias das materias ofertadas
Data prevista de finalización	30/06/2019
Responsable	Coordinador do Máster
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-02
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 – A Xestión do Título Criterio 2 – Información e transparencia
Análise causa	
Definición/ descrición proposta	<p>Consolidar mecanismos de coordinación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Débense revisar aspectos organizativos e propoñer accións de mellora encamiñadas á adecuada organización dos horarios e a planificación dos exames - Recoméndase potenciar a docencia en inglés, - Observáronse algunhas discrepancias entre guías docentes e páxina web. Débense corrixir as ditas discrepancias ou actualizar a memoria de verificación do título polo procedemento establecido na lexislación vixente - Recoméndase incluír o apartado de resultados de aprendizaxe nas guías docentes do título. - Débese dispoñer dunha rúbrica de avaliación máis detallada para os Traballos Fin de Máster, de maneira que permita homoxeneizar avaliacións realizadas por diferentes tribunais, así como dispoñer de ferramentas para diferenciar obxectivamente entre o grado de adquisición das competencias do título por parte dos estudantes. - Débese realizar unha análise continua sobre a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes nas diferentes materias. En particular, recoméndase incidir sobre aqueles aspectos que teñen unha baixa valoración por parte dos egresados, como son a capacidade para aplicar coñecementos adquiridos e resolver problemas, e a capacidade para o traballo en equipo entre outros - Deben analizarse as causas do grao de satisfacción

	relativamente baixo dos estudantes e egresados en relación coa formación recibida e a súa formación práctica, durante o 2014-2015, a fin de abordar accións de mellora respecto diso.
Datas	Finalización: 31/12/2018; Inicio: 01/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Coordinación do Máster Comisión de Calidade do Centro Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Tarefa1	AM-02.1
Descrición tarefa	Creación da delegación de alumnos
Data prevista de finalización	31/12/2018
Responsable	Vicedecano
Estado	
Tarefa2	AM-02.2
Descrición tarefa	Revisión das programacións docentes
Data prevista de finalización	30/06/2019
Responsable	Coordinación do TFM e coordinadores de especialidade Comisión Académica do Máster
Estado	
Tarefa3	AM-02.3
Descrición tarefa	Revisión da organización do máster (organización dos horarios, limitación de posibilidades de elección de optativas, etc)
Data prevista de finalización	30/06/2018
Responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster

Estado	Executada
Tarefa4	AM-02.4
Descrición tarefa	Revisión da normativa do TFM
Data prevista de finalización	Acta reunión ordinaria 3 de outubro de 2017
Responsable	
Estado	Executada
Tarefa5	AM-02.5
Descrición tarefa	Promover actividades docentes en inglés
Data prevista de finalización	
Responsable	Coordinación do Máster Coordinadores de especialidade
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-03
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 – A Xestión do Título
Análise causa	
Definición/ descrición proposta	<p>Publicidade e difusión da oferta de máster.</p> <p>A comisión avaliadora sinala que se debe procurar unha maior visualización do máster a nivel interno e externo á USC. Recoméndase manter actualizada a información do título nas súas tres versións (galego, castelán e inglés). É especialmente importante indicar con claridade as liñas de investigación ás que un estudante do máster podería incorporarse.</p> <p>A información sobre saídas profesionais debería ter unha maior visualización.</p>
Datas	Finalización: 31/12/2018; Inicio: 01/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Coordinación do Máster Comisión de Calidade do Centro Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Tarefa1	AM-03.1
Descrición tarefa	Sesións informativas para alumnado propio explicando a especialización e as oportunidades de inserción laboral
Data prevista de finalización	31/12/2018
Responsable	Coordinador de Grao

	Coordinadores de especialidade
Estado	Executada
Tarefa2	AM-03.2
Descrición tarefa	Deseño de estratexias de captación de alumnado externo
Data prevista de finalización	31/12/2018
Responsable	Coordinación do Máster e coordinadores de especialidade Comisión Académica do Máster
Estado	Activa
Tarefa3	AM-03.3
Descrición tarefa	Incorporar na páxina web liñas de investigación do profesorado do máster
Data prevista de finalización	30/12/2018
Responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster
Estado	Activa
Tarefa4	AM-03.4
Descrición tarefa	Incorporar na páxina web información sobre saídas profesionais e publicar datos de inserción laboral, si se dispon deles
Data prevista de finalización	
Responsable	
Estado	Activa
Tarefa5	AM-03.5
Descrición tarefa	Manter actualizada a páxina web en galego, castelán e inglés
Data prevista de finalización	

Responsable	
Estado	Activa
Tarefa6	AM-03.6
Descripción tarea	Sesiones informativas sobre a oferta de prácticas externas
Data prevista de finalización	31/05/2019
Responsable	Coordinador de prácticas externas
Estado	Activa